

ASUNTO: DECRETO ALCALDIA PLAN DE APOIO ÁS FAMILIAS E ÓS SECTORES ECONÓMICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

PLAN DE APOIO ÁS FAMILIAS E ÓS SECTORES ECONÓMICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

A situación de emerxencia xerada pola evolución do COVID-19 levou ao Goberno a decretar o estado de alarma, polo Real Decreto Lei 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada. Dada a situación xerada tódalas administracións e, particularmente este Concello, ditaron diferentes normas para tratar de reducir o avance dos contaxios desta enfermidade. Unha vez adoptadas ditas medidas e que o aspecto sanitario está en vías de control, é preciso facer fronte as consecuencias económicas que téñense producido e destinar fondos públicos para colaborar co tecido produtivo e cos traballadores e traballadoras que foron afectados.

Non cabe dúbida de que o cesamento da actividade derivada da citada declaración de emerxencia fai preciso que se proceda a actuar de maneira inmediata, fronte as consecuencias derivadas da crise económica provocada pola pandemia, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Monforte de Lemos, colaborando coas empresas da cidade para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego e amortecer a redución drástica de ingresos, así como apoiar aos traballadores e traballadoras que, como consecuencia da paralización de dita actividade económica, viron finalizados ós seus contratos de traballo, coas consecuencias de toda índole que elo conleva.

Con estas axudas preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Monforte de Lemos dando soporte ao tecido produtivo do Concello, tanto a autónomos, microempresas, pequena e mediana empresa, en definitiva, ao empresariado en xeral e tamén aos traballadores e traballadoras, para minimizar o impacto económico provocado pola crise do COVID-19 e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, prodúzase canto antes unha reactivación da economía da nosa cidade, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

Polo anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, **DISPÓÑO:**



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 17/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 17/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 12:55:02





PRIMEIRO.- Aprobar as “BASES REGULADORAS DO PLAN DE APOIO ÁS FAMILIAS E ÓS SECTORES ECONÓMICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS”, cuxo texto e o seguinte:

“BASES REGULADORAS DO PLAN DE APOIO ÁS FAMILIAS E ÓS SECTORES ECONÓMICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

1.- INTRODUCCIÓN.

O Alcalde e o Equipo de Goberno do Concello de Monforte de Lemos teñen a vontade de axudar a todas as familias de Monforte, dentro das posibilidades municipais, dende varias vertentes para chegar ao conxunto da poboación e contribuír á reactivación económica das empresas, autónomos, traballadores e familias, sendo posible pola boa situación económica do Concello, logo dunha xestión rigorosa nos últimos anos.

Unha vez que a través do Plan Reactiva Monforte púxose en marcha un plan de axudas a empresas, autónomos e traballadores, agora é o momento de que as **familias** reciban a solidariedade de todos e todas, a través do Concello, poñendo en marcha un plan de apoio ás **familias** e **sectores económicos** do Concello de Monforte de Lemos, para favorecer ao conxunto da nosa economía, inxectando nos nosos fogares e sectores económicos ao redor de **500.000€**, para contribuír a superar a parálise económica derivada do COVID-19 e reactivar así a sociedade e a economía monfortina.

2.- OBXECTO DA PRESENTE CONVOCATORIA.

O Concello de Monforte quere axudar a todos os veciños e veciñas de Monforte de Lemos, sen excepción (18.706 habitantes empadroados), modulando os bonos en función do número de habitantes empadroados en cada domicilio, establecendo tres niveis, segundo o padrón municipal:

- Vivendas de entre 1 e 2 habitantes empadroados 4.870 domicilios
- Vivendas de entre 3 e 4 habitantes empadroados 2.419 domicilios
- Vivendas de 5 ou mais habitantes empadroados 501 domicilios

O total de unidades padroais con dereito a estes bonos ascende a 7.790.

O obxectivo, por tanto, é axudar a todas as familias de Monforte, tanto da cidade como das parroquias, concedendo bonos para o consumo a todas as unidades familiares para que poidan adquirir os bens, servizos profesionais e consumos que necesiten e o mesmo tempo signifique unha axuda para a economía monfortina debido a que as compras deberán ser realizadas nos establecementos de Monforte de calquera sector económico.



FIRMAS Y FECHAS		DECRETO: 2020000855
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 17/06/2020		Fecha: 17/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 17/06/2020		Hora: 12:54
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 12:55:02		Persona 76561868C





A execución do Plan farase a través de “BONOS” DE 25 € para facilitar calquera compra, consumo ou prestación de servizos profesionais en establecementos de calquera sector económico ubicados no concello de Monforte de Lemos, (non se financiará a compra de bebidas alcohólicas), que deberán entregar no establecemento onde se produza o gasto, sendo o titular da actividade económica que recibe o bono o que solicite o reintegro ó Concello acompañando do bono ou bonos coa súa solicitude.

Os bonos poderán gastarse todos no mesmo establecemento, servizo profesional ou negocio, segundo considere cada familia, non podendo fraccionarse os bonos, debendo ser a compra mínima igual ou superior a 25 €.

Os bonos poderán ser utilizados dende o día seguinte á publicación definitiva no B.O.P. da incorporación de remanentes, vía suplemento de crédito, aprobado polo Pleno a proposta do Alcalde, salvo que os establecementos queiran voluntariamente anticipar os subministros, consumos ou prestación de servizos profesionais, producíndose o reintegro con data posterior á data da entrada en vigor do Plan de apoio ás familias e sectores económicos de Monforte de Lemos.

O solicitante do abono da axuda, non deberá ter débeda ningunha pendente co Concello de Monforte de Lemos. Este requisito verificarase de oficio pola Administración Municipal. Con todo, a axuda poderá solicitarse igualmente, e irá destinada a compensar ou reducir a débeda que o titular da actividade económica teña co Concello, podendo recibir a diferenza se a cantidade debida fose inferior á axuda concedida.

3.- NORMATIVA APLICABLE.

1.- As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas polo disposto na Ordenanza municipal de Subvencións, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).



FIRMAS Y FECHAS





3.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

4.- PERCEPTORES DOS BONOS.

Para ser perceptor/a dos bonos é preciso cumprir os seguintes requisitos, na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

- 1.- Estar empadroadado no Concello de Monforte de Lemos.
- 2.- Que a persoa solicitante así como os demais habitantes no domicilio estean efectivamente empadroados no Concello de Monforte de Lemos no momento de presentación da solicitude.

Non poderán ser perceptores dos bonos os membros electos da Corporación Municipal.

5.- CONTÍA E LÍMITE DOS BONOS.

Os bonos que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que só poderá concederse unha axuda por domicilio en función do número de empadroados.

A contía máxima dos bonos será a seguinte:

- domicilios de entre 1 e 2 membros, 2 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 50 €.
- domicilios de entre 3 e 4 membros, 3 bonos por vivenda de 25 € cada un, sumando un total de 75 €.
- domicilios de 5 ou mais membros, 4 bonos por vivenda de 25 €, cada un, sumando un total de 100 €.

6.- COMPATIBILIDADE.

Estos bonos serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade concedida por parte doutras entidades públicas ou privadas.

7.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 500.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4311.470.01.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005399200U9P0M9J7P816 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS	
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 17/06/2020	DECRETO: 2020000855
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 17/06/2020	Fecha: 17/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 12:55:02	Hora: 12:54
	Persona 76561868C





8.- SOLICITUDES.

A solicitude formalizarase no formulario normalizado que figura como anexo I.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- a) modelo normalizado de solicitude (Anexo I)
- b) fotocopia dos DNI dos empadroados na vivenda
- c) Consentimento expreso para que o concello comprobe os datos de padrón relacionados coa solicitude.

No suposto de que algúns dos documentos requiridos non podan presentarse por substituírse por unha declaración responsable, con compromiso de achegalos cando sexa requirido polo Concello.

9.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención dos bonos regulados na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.concellodemonforte.com e no rexistro do Concello.

2.-As solicitudes, que deberán dirixirse á unidade de Promoción Económica-Desenvolvemento local, presentaranse no **rexistro xeral** do Concello de Monforte de Lemos ou por **vía telemática**, xuntando o modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles a partir do día seguinte á publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

4.-A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido ou a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

10.- DOCUMENTACION A ACHEGAR.

A solicitude normalizada deberá estar asinada por todas as persoas que estean empadroadas na vivenda ou que o seu representante legal acompañe obrigatoriamente a seguinte documentación:



FIRMAS Y FECHAS



- Modelo normalizado de solicitude
- Copia do D.N.I. de todas as persoas empadroadas no domicilio.
- Consentimento expreso para a consulta dos datos da folla padroal.

11.- PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

A instrución do procedemento corresponderá á unidade de Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

A Unidade de Desenvolvemento Local comprobará as solicitudes e entregará os bonos pola cantidade que lle corresponda ao solicitante en función dos grupos establecidos no punto dous das presentes bases.

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

A instrución do procedemento corresponderá á Unidade de Desenvolvemento Local do Concello de Monforte de Lemos, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, e serán resoltas en función da data e hora de entrada que figuren rexistradas as solicitudes, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de solicitude a da última presentación da documentación. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da convocatoria.

3.- A unidade instrutora comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente aínda que, segundo a proxección feita en función das unidades familiares existentes no Concello, o crédito dispoñible é superior do necesario, o que permitirá atender todas as solicitudes, incluídos posibles erros, co previsible crédito sobranste.

Ditarase resolución pola Alcaldía cos beneficiarios que houberan presentado a súa solicitude reunindo a totalidade de requisitos e a documentación requirida na





convocatoria, antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible, destinado a atender estas axudas.

4.- Igualmente dítase resolución na que se inclúan aqueles solicitantes que, por non cumprir cos requisitos establecidos na convocatoria ou por non achegar a totalidade da documentación requirida no punto 8, enténdense desestimadas, no primeiro suposto, ou que precisen de subsanación, no segundo.

Nestes casos outorgaráselles un prazo de 10 días hábiles para que emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida ou realicen as alegacións convintes ao seu dereito, previamente á adopción da resolución definitiva.

5.- Transcorrido o prazo establecido para alegar ou emendar as solicitudes requiridas a unidade instrutora elevará a proposta de acordo á Alcaldía, procedéndose á súa posterior publicación.

6.- Os acordos serán obxecto de publicación, na páxina web municipal e na Base de datos nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación aos efectos da notificación.

7.- O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de tres meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

12.- ENTREGA E UTILIZACIÓN DOS BONOS

Unha vez feitas as solicitudes dos bonos e comprobada a procedencia de entrega dos mesmos, a unidade instrutora entregará os referidos bonos aos solicitantes. Os bonos facilitaranse por unha soa vez e estarán selados e asinados polo Alcalde de Monforte de Lemos.

Deste xeito, o perceptor dos bonos acudirá ao Concello para retiralos e poderá facelo no prazo dun mes dende que lle sexa comunicado. No caso de non retirar os bonos no citado prazo entenderase que existe unha renuncia tácita, deixándoos sen efecto.

Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión dos bonos, poderá adquirir os bens, servizos profesionais ou consumos nos establecementos de Monforte de Lemos, que escolla libremente, polo importe máximo que figura neles ós que ten dereito cada unidade familiar, segundo o número de empadroados.



FIRMAS Y FECHAS





En caso de extravío do bono tanto pola persoa beneficiaria coma polo/a comerciante non se expedirá un novo bono para evitar calquera mala práctica.

Se o importe dos bens adquiridos, servizos profesionais recibidos ou os consumos é inferior ó valor dos bonos, o persoal do establecemento deberá facelo constar na solicitude de reintegro que presentará no Concello de Monforte de Lemos, facendo constar o número de bonos e o importe realmente gastado, perdendo a persoa beneficiaria a diferenza.

Pola contra, se o importe fose superior ó do bono, o persoal do establecemento emitirá solicitude de reintegro polo importe do bono e a diferenza será pagada pola la persoa solicitante. O concello soamente asumirá a contía establecida no bono ou bonos, no caso de que fose máis dun bono de 25 €, o que se gaste no establecemento.

Os bonos non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe de cada bono só pode ser utilizado nun único establecemento, podendo ser utilizados todos os bonos no mesmo ou en diferentes negocios, sempre que o gasto mínimo sexa de 25 € para beneficiarse dos mesmos, na súa totalidade.

Unha vez entregados os bens, prestación de servizos ou realizado o consumo, non alcohólico, a persoa que o realice entregará o bono asinado ó establecemento que quedará en posesión do mesmo e presentará a solicitude de reintegro no Concello acompañada do citado bono ou bonos.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As xerais recollidas na Ordenanza xeral reguladora de subvencións municipal, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- A. cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- B. responder da veracidade dos datos da solicitude.

14.- FORMA E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

A aceptación dos bonos polos establecementos supón a aceptación das condicións desta convocatoria.

Os establecementos deberán presentar as solicitudes acompañadas dos bonos correspondentes no rexistro xeral presencial do concello de Monforte de Lemos, sito na Praza de San Antonio detallando os bens, servizos ou consumos aboados cos bonos, debendo estes vir asinados polo consumidor e polo titular do establecemento.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005399200U9P0M9J7P816 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 17/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 17/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 12:55:02

DECRETO: 2020000855
Fecha: 17/06/2020
Hora: 12:54
Persona 76561868C





O prazo para presentar as solicitudes de aboamento dos bonos polos establecementos, rematará ó día 31 de outubro de 2020.

15.- CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCIONS

O departamento correspondente poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do perceptor comprobada previamente á concesión entenderase xustificada a mesma mediante a presentación das solicitudes de aboamento, por parte dos establecementos, acompañadas dos correspondentes bonos.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como os xuros de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran.
- b) incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda, é dicir, o emprego do importe recibido para finalidades distintas das descritas nestas bases.
- c) incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.

16.- RECURSOS.

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o Órgano competente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen perxuízo de calquera outro recurso que estime procedente.

17.- PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios



FIRMAS Y FECHAS





ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Monforte de Lemos, con domicilio en Campo de Santo Antonio, s/n-27400 de Monforte de Lemos(Lugo), onde se poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

18.- PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓNS.

Co obxecto de axilizar o procedemento, e de acordo con establecido nos arts. 41 e 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos que se diten no procedemento serán obxecto de publicación na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

Non obstante tanto os perceptores do bonos como os beneficiarios das axudas deberán facilitar un número de teléfono e unha dirección de correo electrónico para facerlles os avisos necesarios na tramitación do procedemento, por vía mail ou por mensaxería de texto.

19.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na Ordenanza xeral reguladora de subvencións municipal e, de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006, de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”

SEGUNDO.-Aprobar a convocatoria do PLAN DE APOIO ÁS FAMILIAS E ÓS SECTORES ECONÓMICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

TERCEIRO.- Aprobar o anexo I co modelo normalizado de solicitude.





De acordo coa Lei 39/2015, de 30 de setembro, de Transparencia, o Concello de Monforte de Lemos publica esta información de acceso público. Se desexa que esta información sexa utilizada para fins comerciais ou de lucro. A información publicada neste documento é de carácter informativo e non debe considerarse como unha declaración de intencións. A información publicada neste documento é de carácter informativo e non debe considerarse como unha declaración de intencións.



AXUDAS PLAN DE APOIO A FAMILIAS E SECTORES ECONÓMICOS
AYUDAS PLAN DE APOYO A FAMILIAS Y SECTORES ECONÓMICOS

Modelo normalizado SER-PE-106

SOLICITUDE SOLICITUD

Antes de saldar esta Impreso, consulte no reverso a información básica sobre protección de datos e as instrucións para cubri-lo. Antes de firmar este Impreso, consulte en el reverso la información básica sobre protección de datos y las instrucciones para cubrirlo.

A CUMPLIMENTAR POLA ADMINISTRACIÓN / A CUMPLIMENTAR POR LA ADMINISTRACIÓN

[*] SOLICITANTE / BENEFICIARIO [1]
Nombre e apelidos / Nombre y apellidos
DNI/NIF/NIE/Pasaporte
REPRESENTANTE [2]
Nombre e apelidos / Nombre y apellidos
DNI/NIE/Pasaporte
Teléfono contacto 1
[*] DOMICILIO DE NOTIFICACIÓN [3]
Enderezo/Dirección
Código postal
Localidade (Provincia) / Localidad (Provincia)
Correo electrónico (E-mail)
Teléfono contacto 1
Teléfono contacto 2

Table with 6 columns: Nº, Nome e apelidos, DNI/NIF/NIE/Pasaporte, Data de nacemento, Menor de 14 anos, Sinatura. Rows for family members.

DECLARACIÓN RESPONSABLES e COMPROMISOS / DECLARACIONES RESPONSABLES y COMPROMISOS
O SOLICITANTE, no seu caso a través do REPRESENTANTE, DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:
1.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e que cumpre todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
2.- Que cumpre coas obrigas xerais recollidas na Ordenanza xeral reguladora de subvencións municipal, no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
3.- Que responde da veracidade dos datos da solicitude.
El SOLICITANTE, en su caso a través del REPRESENTANTE, DECLARA BAJO SU RESPONSABILIDAD:
1.- Que conoce e acepta las bases de la convocatoria y que cumple todas las estipulaciones establecidas en las bases de la convocatoria.
2.- Que cumple con las obligaciones generales recogidas en la Ordenanza general reguladora de subvenciones municipal, en el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y en el artículo 14 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

PERMISO DE CONSULTA DE DATOS [4]
Permite a consulta del empadronamiento e todos os datos de folle padronal no Concello de Monforte de Lemos?
¿Permite la consulta de empadronamiento y todos los datos de la hoja padronal de Monforte de Lemos?


Monforte de Lemos, ___ de ___ de ___

Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos/sr. Alcalde del Ayuntamiento de Monforte de Lemos
Espacio reservado para diligencia de rexistro
Non escriba nada aquí
Espacio reservado para diligencia de registro
No escriba nada aquí

CUARTO.-

Publicar a convocatoria na páxina web do concello de Monforte de Lemos.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital



FIRMAS Y FECHAS
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 17/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 17/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 12:55:02

DECRETO: 2020000855
Fecha: 17/06/2020
Hora: 12:54
Persona 76561868C





O ALCALDE
Asdo: José Tomé Roca

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E40005399200U9P0M9J7P816
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 17/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 17/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 12:55:02

DECRETO: 2020000855
Fecha: 17/06/2020
Hora: 12:54
Persona 76561868C

